

Relaciona.

A COMUNIDADE AUTÓNOMA	•	•	Gobernado polo alcalde e os seus concelleiros.
O CONCELLO	•	•	Goberno de Galicia formado polo presidente e os concelleiros.
O ESTADO ESPAÑOL	•	•	Nome que recibe o goberno galego.
XUNTA DE GALICIA	•	•	Está gobernado polo presidente do goberno, os seus ministros e o rei (función representativa)

Completa o texto coas palabras do recadro.

A _____ é a lei máis importante do _____. Todos estamos obrigados a cumprila. Nela establécense os _____, os _____ e as _____. Tamén di que o Estado Español é unha _____, baseada na división de poderes.

O territorio está dividido (de maior a menor) en _____, _____ e _____.

Os _____ son elixidos polos _____ nunhas _____.

Todas as leis deben respectar _____ e asegurar a _____, a _____ e a _____ das persoas.

Elixe a opción correcta en cada caso:

- A *ditadura* / *democracia* é o sistema político do Estado español.
- Nun Estado democrático, as persoas que gobernan son elixidas polos seus concidadáns mediante unhas *eleccións* / *puntuacións*.
- A democracia é un sistema de goberno cun principio fundamental que é que todas as persoas son *distintas* / *iguais* e, polo tanto, *teñen* / *non teñen* os mesmos dereitos e obrigas.
- Nunha democracia *todas as leis* / *todos os europeos* deben respectar a Constitución.
- Nunha democracia todas as leis deben asegurar a *igualdade*, a *xustiza* e a *vontade* / *liberdade* das persoas.

Cales son os fundamentos dun Estado democrático?

- a) O escudo, a bandeira e o himno nacional.
- b) A Constitución, os poderes executivo, lexislativo, xudicial, as eleccións e os partidos políticos.
- c) A Constitución e os dereitos e os deberes dos cidadáns.

Indica de quen se fala en cada caso

- Formados por xuíces e xuízas e maxistrados e maxistradas.
- Encárganse de administrar xustiza.

- Xefe do Estado.
- Non exerce ningún poder político.

- Formado polo presidente e os ministros e as ministras designados polo presidente do Goberno.
- Encargados das diferentes áreas (saúde, educación...).

- Compostas polo Congreso dos Deputados e o Senado.
- Toman as decisións políticas.
- Elaboran as leis xunto co Goberno.
- Elixen o presidente do Goberno.

O REI

O GOBERNO

AS CORTES XERAIS

OS TRIBUNAIS DE XUSTIZA

Relaciona os elementos coa institución á que pertencen.

- | | |
|---|------------------------|
| • Xuíces e xuízas e maxistrados e maxistradas | • Cortes Xerais |
| • Congreso dos deputados e Senado | • Tribunais de xustiza |
| • Presidente do Goberno e ministros e ministras | • Goberno |

Indica cal das seguintes son funcións do rei.

Xurar a constitución	Presidir o Congreso dos Deputados	Sancionar e promulgar leis
Ser o xefe supremo do país	Ser o xefe supremo das forzas armadas	Representar a España

Indica cal son os fundamentos dun estado democrático.

A Constitución	Ten un exército propio	As eleccións
O rei	Os poderes lexislativo, executivo e xudicial	Os partidos políticos